

Ordes que desenvolven os decretos de ordenación e currículo das distintas etapas educativas

Modificación dos decretos de currículo da ESO e Bacharelato

As novas ordes, seguindo o camiño marcado polos decretos, son unha oportunidade perdida no impulso na normalización lingüística

Calquera mellora, actualización... que se queira facer no sistema educativo parte de aumentar o profesorado para poder **baixar as ratios**, facer desdobres... se isto non se fai o que negociamos hoxe pode quedar máis ou menos bonito no papel, pero non pasará de aí.

Tanto a baixada das ratios -dotación de máis profesorado- como a volta as **18 e 21 horas de docencia** son dúas das reclamacións fundamentais do persoal docente galego.

A CIG-Ensino esixe un cambio de rumbo da Consellaría e a apertura de negociacións para facer efectiva a recuperación dos nosos horarios para o curso 2023/24.

Previo para todos os proxectos non pensamos deixar de denunciar a desidia da Consellaría co **recoñecemento de funcións**. Cada novo decreto, orde, proxecto ou programa a Consellaría crea ou nomea novas coordinacións (igualdade, benestar, bibliotecas...) con máis e máis burocracia, pero todas elas, ao igual que as xefaturas de departamento de ámbitos na FP Básica ou as de segundas linguas estranxeiras sen compensación de ningún tipo. Xa esiximos en varias mesas sectoriais, unha vez que a Consellaría recoñece que non era necesario modificar os ROCs para iso, que se traia esa norma á mesa, xa que como poderemos, ver estas ordes volven ser unha oportunidade perdida.

As novas ordes, seguindo o camiño marcado polos decretos son unha oportunidade perdida no impulso na normalización lingüística.

Común tamén a todas as ordes é a solicitude de eliminar a ensinanza da relixión dos nosos centros educativos.

Seguimos a demandar unha dotación real, sen programas ou inventos publicitarios, dos departamentos de Orientación e reforzo do profesorado de PT e AL. Sen iso todo o que se diga en canto a facer efectiva a detección precoz, a atención temperá e a atención de necesidades específicas de apoio educativo é literatura.

Solicitamos a retirada de todas as mencións a PROENS dentro das Ordes, as aplicacións informáticas poden mudar e non debemos introducilas nas normativas.

Orde pola que se desenvolve o Decreto 150/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil

Solicitamos se retire o apartado “d” do **artigo 3**, no que se fixa o tempo establecido para as ensinanzas relixiosas na educación infantil.

En consonancia do xa defendido en numerosa mesas sectoriais cada vez que negociamos o calendario escolar solicitamos a retirada do apartado 2 do **artigo 4**, o profesorado non ten que suplir as carencias do sistema social en canto ás necesidades de conciliación, a incorporación gradual do alumnado aos centros educativos é unha necesidade do alumnado na educación infantil. [Vano estudar.](#)

Volvemos reclamar que as aulas de educación infantil contén de cara a dotar os centros educativos galegos de departamentos de orientación, e o **artigo 5.3** apóíanos nesta necesaria actualización. [Non respontan.](#)

Non podemos a seguir cargándonos de burocracia, solicitamos a retirada do apartado 6 do **artigo 10** en canto a elaboración dun informe mensual do grado de cumprimento da nosa programación, entendemos que se ten que avaliar o proceso de ensino e da práctica docente, pero o informe mensual é excesivo e inútil. [Non o van cambiar, segundo din na aplicación “serán dous clics”.](#)

Entendemos que a **avaliación inicial marcada no artigo 20**, non é necesaria en

quinto e sexto salvo novas incorporacións ou cambios no profesorado. [Vano revisar.](#)

Aledámonos de que se recolla que os **trimestres** teñen que ser **equilibrados na súa duración (artigo 21.3)**, esperemos que trasladedes esta intención á próxima e pronta negociación do calendario escolar, pero para iso será necesario separar a vinculación dos períodos non lectivos coas festas relixiosas.

En canto ao **artigo 27**, estamos de acordo coa participación e colaboración das familias coa escola, pero non pode ser que a formación das familias tamén recaia nos centros educativos, entendemos que non é a súa función, será a Consellaría quen terá que realizar esa formación. [Din que si son función dos centros educativos as escolas de pais e nais.](#)

Disposición derogatoria única. No artigo 4 da orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de educación infantil, viña regulada a posibilidade de establecer agrupamentos de idades mixtas tendo en conta a riqueza de interaccións que nestas aulas se producen, o que favorece en gran medida situacións positivas de aprendizaxe, desaparece logo esa posibilidade? Tamén no mesmo artigo se establecía a redución de ratio das aulas mixtas, esiximos que ambas cousas se trasladen á nova orde dada a súa importancia. [Vano revisar.](#)

Orde pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria

Solicitamos se retire o apartado “3” do artigo 3, no que se fixa que o alumnado cursará ensinanzas de relixión ou a área de Proxecto competencial na educación primaria.

No **artigo 9.2** fixa que todos os cursos teñen que ter a mesma programación, esperemos que isto non acabe limitando a liberdade pedagóxica e/ou metodolóxica de cada profesional, pensamos que é aconsellábel mellorar a redacción. [Non contestan.](#)

Non podemos a seguir cargándonos de burocracia, solicitamos a retirada do apartado 5 do **artigo 9** en canto a elaboración dun informe mensual do grado de cumprimento da nosa programación, entendemos que se ten que avaliar o proceso de ensino e da práctica docente, pero o informe mensual é excesivo e inútil. Esta periodicidade non se marca no **artigo 26** desta mesma orde, e pensamos que é o correcto. [Non o van cambiar, segundo din na aplicación “serán dous clics”.](#)

Entendemos que a **avaliación inicial marcada no artigo 20**, non será necesaria nos segundos cursos de cada ciclo, salvo novas incorporacións ou cambios no profesorado. [Vano revisar.](#)

Aledámonos de que se recolla que os **trimestres** teñen que ser **equilibrados na súa duración** (**artigo 21.3**), esperemos que trasladedes esta intención á próxima e pronta negociación do calendario escolar,

pero para iso será necesario separar a vinculación dos períodos non lectivos coas festas relixiosas.

No **artigo 22.4** hai un erro, onde pon alumnado con necesidades educativas especiais debe por alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, se non estamos deixando fóra a sobredotación, inmigrantes... queremos crer que é un erro de redacción. [Asentiron.](#)

Estamos totalmente en desacordo co mantemento das cualificacións numéricas que aparecen no **artigo 23**. Isto só ten un senso, e non é outro que trasladar á ensinanza as loitas partidistas entre os gobernos do noso País e do Estado. E o que xa non acabamos de comprender é como vai ser capaz o profesorado de avaliar numericamente as competencias clave cumprindo a integración coa avaliación dos criterios de avaliación de cada área que marca o **artigo 18**, ou o que queremos é eliminar a avaliación das competencias clave.

Queda claro no **artigo 24** que a non promoción dun alumno ou alumna trae consigo un traballo a maiores para lograr que esta medida de carácter excepcional logre o seu obxectivo, polo tanto esperamos que para a contabilización do ratio este alumnado exista, ao menos en igualdade co alumnado que promociona. Eliminar o apartado f do **artigo 27**, aparece duplicado no c. [É un erro.](#)

En canto ao **artigo 29.3**, estamos de acordo coa participación e colaboración das familias coa escola, pero non pode ser que a formación das familias tamén recaia

nos centros educativos, entendemos que non é a súa función, será a Consellaría quen terá que realizar esa formación. [Din que si son función dos centros educativos as escolas de pais e nais.](#)

Orde pola que se desenvolve o Decreto 156/2022 da ordenación e currículo da ESO

Artigo 3. Organización xeral

- Na distribución das materias nos dous primeiros cursos da ESO a CIG-Ensino xa manifestou o desacordo coa imposibilidade de impartir dentro das dúas sesións lectivas de libre disposición as materias que libre configuración que se viñan ofertando. Ante a situación da Lingua Galega, coa evidente perda de competencia lingüística e de falantes entre a xente moza, volvemos solicitar que, cando menos, unha desas horas de libre disposición sexa para a mellora da comunicación oral en Galego, unha oferta que teña carácter obrigatorio se, tras a análise sociolingüística do centro recollida no PLC, se confirma esta necesidade.
- No punto 4a) hai un erro e debería aparecer ANEXO IV e non ANEXO V.

Artigo 4. Oferta de materias no centro

Solicitamos que os centros estean obrigados tamén a ofertar todas as optativas de 4º ESO, e que se garanta a suficiente dotación de profesorado, evitando que os propios recortes da Consellaría sexan ao tempo a escusa para evitar unha máis ampla oferta.

A CIG-Ensino esixe á Consellaría un cambio nos requisitos de alumnado, especialmente en áreas rurais ou noutras socialmente desfavorecidas para evitar discriminacións como as que actualmente se producen.

Artigo 6. Exención da Segunda Lingua Estranxeira

A exención dun alumno ou alumna da segunda lingua estranxeira debe vir motivada, como di o texto, logo dun informe da persoa titora da etapa ou curso anterior, pero pensamos que se debe deixar aberta a opción de que tamén se faga efectiva logo da avaliación inicial, se o equipo docente así o considera oportuno.

Artigo 10. Programa de diversificación curricular

- Debe incluírse na redacción do artigo 10.2 que os PDC non só están orientados a quen recibiu medidas de atención á diversidade, senón que tamén, como recolle o RD, a quen a incorporación ao PDC lle sexa favorable para a obtención do título da ESO.
- Desde a CIG-Ensino xa mostramos o noso desacordo con que a materia de lingua estranxeira estea incluída dentro do ámbito lingüístico, como así se recolle no Real Decreto 21/2022 e posteriormente no Decreto 156/2022 que establecen a ordenación e o currículo da ESO. E volvemos manifestar tamén que non nos parece que o nivel B2 que se pide sexa o correcto para impartir a propia materia de Lingua estranxeira.

Artigo 13. Programacións didácticas.

Na orde recóllese que desde os departamentos didácticos se fará un seguimento das programacións, en canto ao grao de cumprimento, e a xustificación razoada no caso de desviacións xunto con propostas de melloras, cunha frecuencia mínima mensual. A isto hai que sumarlle a necesaria coordinación que entre o distinto profesorado da mesma materia dun curso debe realizarse. Para poder facer efectivo e real este obxectivo deben introducirse cambios na actual regulación dos horarios e non só coa redución do horario lectivo senón tamén coa recuperación da hora de departamento tan necesaria entre as 23 horas de presenza semanal fixa do profesorado no centro.

Artigo 25. Avaliacións parciais.

Neste artigo indícase que as datas das avaliacións parciais se concretarán tendo en conta un reparto equilibrado na duración dos tres períodos. Aproveitamos para pedirlle á Consellería que faga unha reflexión con toda a comunidade educativa para valorar alternativas ao clásico calendario escolar, xa que no actual os períodos lectivos e non lectivos están moi descompensados. Que se faga esta indicación implica que a distribución das avaliacións non se condicione pola semana santa, mais aí hai unha parte que a Consellaría non decidiu nunca afrontar: facer unha distribución diferente deses períodos, un cambio que somos conscientes que nos afecta ao profesorado, ao alumnado a ás propias familias e que só

se debería alterar se é froito do maior consenso.

Artigo 27. Cualificacións

Como fixemos na mesa na que se tratou o Decreto, desde a CIG-Ensino non consideramos necesarias as notas numéricas nunha etapa como a ESO e consideramos que a súa regulación é totalmente incorrecta, e volvemos a manifestar as nosas dúbidas sobre a súa obriga legal. Ademais é totalmente contraditorio que, se as notas numéricas teñen un carácter informativo, se usen despois para establecer un dos criterios de promoción e titulación.

Artigo 28 e 29. Promoción e titulación

Desde a CIG-Ensino volvemos reiterar o noso total desacordo coas condicións na promoción e a titulación que nesta orde se volven reproducir, e que son totalmente innecesarios, xa que abonda coa regulación que recolle o Real Decreto. A equipa docente debe ser a responsábel na toma de decisións sobre a promoción e titulación. Iso implica poñer nas mans do profesorado o control e responsabilidade final do proceso de ensino e aprendizaxe como entendemos que se debe facer: dun xeito colexiado. Introducir criterios tan condicionantes como fai a Consellaría de novo é desconfiar do profesorado e pretender condicionar as súas decisións. Nin nota media de 5 nin sumas artificiosas de períodos lectivos con avaliación negativa.

Artigo 35. Información da avaliación

Neste artigo recóllese que a información ás familias e titores legais sobre o proceso

educativo das súas fillas e fillos se realizará cunha periodicidade, como mínimo, trimestral. Entendemos que tal e como se recolle se fala unicamente do que chamamos “boletín de notas”, porque cunha única hora semanal de atención a pais e nais e con aulas de máis de 25 alumnos e alumnas en moitos casos, é totalmente imposible manter un contacto polo menos trimestral coas familias. Vai sendo hora de reforzar a acción titorial e darlle maior importancia, de aí que cómpre incorporar canto antes no horario do profesorado titor unha redución horaria para este fin.

[Nesta orde non aceptaron ningún cambio.](#)

Orde pola que se desenvolve o Decreto 157/2022 da ordenación e currículo do Bacharelato

Artigo 4. Oferta de materias no centro

Desde a CIG-Ensino demandamos que os centros estean obrigados a ofertar todas as materias optativas e solicitamos de novo un cambio nos requisitos do alumnado, especialmente en áreas rurais ou noutras socialmente desfavorecidas para evitar discriminacións como as que actualmente se producen. Ademais debe garantirse a dotación de profesorado suficiente nos centros, para poder asegurarse a escolla por parte do alumnado de materias optativas das específicas de modalidades que non oferte o centro.

Artigo 5. Grupo de alumnado para as materias comúns

Neste artigo indícase que, con carácter xeral, se agrupará a todo o alumnado nas

materias comúns, aínda sendo de modalidades distintas. A CIG-Ensino está totalmente en contra desta medida, polo menos mentres non se estableza unha redución de ratios en todas as etapas.

Artigo 13. Tutoría

O Bacharelato non conta dentro do horario lectivo do alumnado cunha hora de tutoría, e aínda que a realidade actual do alumnado leva a concluír que esa hora podería ser moi importante, a distribución horaria das materias dificulta esta posibilidade. De aí que cobre unha maior importancia a necesidade de incorporar no horario do profesorado titor unha redución horaria para dar resposta á importancia que a función titorial ten en todas as etapas.

Artigo 31. Titulación

Reiteramos a nosa oposición a que na decisión sobre a titulación excepcional cunha materia suspensa se teña en conta unha medida como a media aritmética das cualificacións obtidas. Tampouco vemos correcto introducir a obrigatoriedade a terse que presentar a todas as actividades necesarias para a avaliación, xa que cuestións médicas ou doutra índole poden xustificar esa ausencia. O criterio do equipo docente debe ser a única condición para dita titulación.

[Nesta orde non aceptaron ningún cambio.](#)

Modificación dos decretos 156 e 157 de 2022 polo que se establecen a ordenación e o currículo da ESO e do Bacharelato

De novo, como xa dixemos moitas veces, **a Consellería acerta cando rectifica**, e remítennos un documento onde se abre a porta a introducir novas materias optativas nas ofertas de ESO e Bacharelato, como así o solicitamos desde a CIG-Ensino tanto na mesa sectorial, como no Consello Escolar de Galiza.

Pero a verdade as formas nas que se está facendo todo o relacionado coas optativas non deixa de sorprendernos. Recordemos que xa se rectificou a proposta inicial, na que se impedía que se puidese elixir no bacharelato como optativas materias doutras modalidades fora do Bacharelato Xeral.

A pesar desta modificación, a realidade é que de momento tampouco hai un cambio substancial en tanto que non se inclúe ningunha materia, e que sería xa preciso para planificar con tempo a oferta do curso que ven.


Desde a CIG ensino propoñemos que se aumenten as optativas coas seguintes materias:

- **Cultura Científica, Ciencias aplicadas a actividade profesional, Artes escénicas e Danza**, que xa se viñan ofertando, ou outras novas como pode ser **Educación financeira**, en 3º ou 4º da ESO
- **Coeducación para o século XXI, Literaturas Hispánicas, Robótica**, que xa se viñan ofertando, ou outras como

Proxectos Musicais ou **Dereito e Economía**, en 1º de bacharelato.

- **Ciencias da Terra e o Medio Ambiente, Fundamentos da Administración e Xestión, Imaxe e son, Electrotecnia**, que xa se ofertaban, ou outras novas como poden ser **Experimentación, creación e interpretación musical**, en 2º de bacharelato.
- Tamén solicitamos que a optativa de **Literatura galega do Século XX**, pase de 1º a 2º de bacharelato, pois está relacionada co temario do segundo curso; non só da materia de lingua, senón tamén do resto das materias que se rexen por unha estrutura cronolóxica, polo tanto, quedarían mellor integrados os contidos e permitiría ao alumnado a interconexión dos diferentes ámbitos do saber. Alén diso, que apareza en primeiro supón que debe competir no rango das optativas coa de Literatura universal, empobrecendo así a oferta para o alumnado de letras (que pode verse na situación de ter que desbotar unha ou a outra) e prexudicando a implantación da materia nos centros, con todas as consecuencias na normalización lingüística e cultural que iso conlevaría.

Antes as nosas propostas a administración dixo que o que facían era abrir a posibilidade de incluír novas optativas, non que as foran incluír xa para o curso que vén



**Unha vez máis...
seremos a túa forza,
a túa voz**

afíliate

